

FOLLAS NOVAS 6

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2021

Carlos Rodríguez Dacal

Xardíns, plantas e monumentos
onomásticos rosalianos en
Galicia e alén das fronteiras

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Xardíns, plantas e monumentos onomásticos rosalianos en Galicia e alén das fronteiras

Carlos R. Dacal



No Paseo da Ferradura / Compostela, está o monumento onomástico por excelencia da cultura rosaliana en Galicia e alén das fronteiras (Arquivo Fotográfico José Luis Cernadas Iglesias / Wikimedia Commons)

Pensando en verde

Rosalía de Castro foi a Voz da Natureza da Terra Galega no tempo que lle tocou vivir, chea de trazos, de atributos, de singularidades, de esencias, de feitizos, de dons xenuínos. A persoa que mellor cantou e contou o mundo verde do país natal a través das súas paisaxes, dos seus bosques, dos seus campos, dos seus agros, das súas hortas, dos seus xardíns, das súas plantas. Sen esquecer, no caso que nos ocupa e pola importancia que ten, que ninguén como ela retratou e relatou o fenómeno da emigración, triste situación produtora dun éxodo masivo de galegos -forzados pola pobreza, pola fame e pola miseria- á procura dun porvir con máis expectativas e posibilidades.

A comunión entre Rosalía e as plantas é unha constante na súa vida e na súa obra, cunha cantidade infinda de referencias: “Adiós, ríos; adiós, fontes”, “Has de cantar” e “Terra a Nosa” (Rosalía de Castro, 1982), sen dúbida, son composicións modélicas. Entre moito onde elixir, no remate do prólogo de *Cantares Gallegos* (Rosalía de Castro, 1982), a resultas de viaxes e de visitas, a Escritora da Vila do Sar fai unha comparación con outras rexións españolas, que non compiten -así pensa e escribe- coas excelencias e os atractivos de Galicia, onde todo é espontáneo na Natureza e na que a man do home cede o seu posto á man de Deus. Neste contexto, dedica palabras memorables e eloxiosas para a súa terra natal: “¿Qué direi máis? Non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en toda-las estacións de herbiñas e de frores, os montes cheios de pinos,

de robres e de salgueiros, os lixeiros ventos que pasan, as fontes i os torrentes derramándose fervedores e cristaiños, vran e inverno, xa polos risoños campos xa en profundas e sombrizas hondanadas... Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, frescura e poesía».

Como demostración para estimar e medir o grao de conexión e de identificación de Rosalía coa realidade natural do seu país, nada mellor que a reprodución dos primeiros versos dunha poesía entrañable publicada en *En las Orillas del Sar* (Rosalía de Castro, 1982):

*Dicen que no hablan las plantas, ni las fuentes, ni los
[pájaros,
ni el onda con sus rumores, ni con su brillo los astros:
lo dicen pero no es cierto, pues siempre cuando yo paso
de mí murmuran y exclaman: Ahí va la loca, soñando
con la eterna primavera de la vida y de los campos...*

Versos reveladores dunha sintonía que se mantivo agarimosamente vixente nas súas entrañas corporais. Rosalía escoita a Natureza, fala e entende a linguaxe secreta das plantas, das fontes e dos paxaros. E a Natureza respóndelle: Ahí vai a louca, soñando... Recoñecendo que quizais haxa que ser un pouco tolo para poder oír e comprender esta linguaxe.

Tanto por razóns de coñecemento, de querenza, de loanza e de gozo, como de defensa, de conservación e de uso como recurso literario, Rosalía é considerada como adiantada e pioneira da ciencia ecolóxica nos lares galegos, como expón e mantén Celso Almuiña (1986) no artigo «Rosalía, Precursora del Ecologismo». Movemento ó que se anticipa coa visión e a descrición

dos valores e das virtudes que caracterizan o medio ambiente, co compromiso acadado cos elementos biolóxicos e xeolóxicos constituíntes, deixando ben patente unha postura e unha mensaxe de inqueda e de responsabilidade pola problemática derivada de actuacións irresponsables ligadas a intereses humanos. Como botón de mostra, hai que mencionar o poema «Los Robles», onde se amosa a firme e decidida vocación ecoloxista, que se deixa ver pola exaltación das formacións boscosas autóctonas e polo desasosego e o lamento ante a destrución / talla de árbores deforestadora incontrolada.

Desde o seu pasamento, en 1885, ata a actualidade, o universo rosaliano atesoura un conxunto excepcional de manifestacións e de declaracións de memoria e de homenaxe. Evidencias palpables de que Rosalía segue entre nós, sendo obxecto dunha querenza sen igual, mediante sentimentos indescribibles, sensacións perceptibles, emocións entusiastas, evocacións nostáxicas, confesións íntimas. Neste relatorio inxente, a modo de agradable sorpresa, resulta que moitos dos testemuños están conectados co Reino Vexetal, como escenario xeográfico e como fonte de recursos. Testemuños que, debido ó seu amor e á súa inclinación polas plantas, son fáciles de interpretar e de explicar, como xusta e recíproca correspondencia. Polo que se ve, non caeu en saco roto o sentir, o pensar, o facer, o dicir e o escribir de Rosalía dentro e fóra da súa patria. Por ende, ningún escaparate mellor que os xardíns, no Fogar de Breogán e en localizacións do exterior, para honrar e recordar a Rosalía de Castro. Dito con outras palabras, o cos-

mos rosaliano encontrou na Natureza Verde un instrumento ideal para ambientar e visualizar o culto e a veneración reservados e destinados á Escritora de Galicia.

Libro onomástico rosaliano

Rosalía en Verde. Xardíns, Monumentos e Plantas. Memoria e Homenaxe (Rodríguez Dacal, 2021) é unha publicación nova, atractiva e suxestiva, que dá a coñecer e pon en valor un tema ata hoxe non estudado nin investigado polo miúdo, cuxo obxecto é o descubrimento, a catalogación e a descrición dos rexistros onomásticos rosalianos, artísticos e botánicos, espallados polo mundo. Rexistros onomásticos integrantes dun patrimonio sen parangón, en número e calidade, avalado tecnicamente pola riqueza e a diversidade, cargado humanamente de sentimento e de morriña, impregnado emocionalmente dunha orla de distinción e de lembranza arredor da vida, do traballo e da herdanza que nos deixou a nosa benquerida Poetisa do Fogar de Breogán. En *Rosalía en Verde* falan os espazos axardinados (parques, xardíns, alamedas, prazas, paseos, cemiterios) por boca das institucións propietarias e do pobo galego. Falan, un por un e todos á vez, como proba da fama e da celebridade desta novelista de elite da literatura española. Falan ó pronunciar os seus nomes, falan coas súas creacións artísticas, falan con árbores e con flores que lles son propias. Desde a erección do Monumento a Rosalía de Castro do Paseo da Ferradura / Santiago de Compostela ata a actualidade, transcorreu un século que deu moito de si no concernernte ó acervo onomástico

rosaliano depositado en parques e xardíns, cunha preponderancia máxima para os proxectos e as realizacións do Finisterrae.

Rosalía de Castro non forma parte do mundo dos vivos desde 1885, ano do seu falecemento, pero superado con fartura o século de ausencia física, en verdade, está máis viva que nunca. E iso é así porque a inmordeira Rosalía, como embaixadora por antonomasia do pobo e da cultura, é motivo continuado de seguimento, de respecto, de empatía e de apego por parte de paisanos, de devotos e de partidarios. Como escenarios de celebración -para expresión de parabéns, de agradecemento e de recoñecemento-, desde sempre, polo uso popular como lugar de memoria e de homenaxe, nada mellor que os establecementos verdes, que acaparan, por unanimidade, a atención de autoridades e de xentes.

Parques e xardíns, monumentos artísticos, árbores e flores... Arte e Natureza Verde en estado puro e sen fronteiras, compoñentes dun catálogo onomástico sen igual, en esencia espiritual e con presenza material, co nome de Rosalía de Castro. Pódese pedir máis? Catálogo que fala moito e ben da resposta cidadá polo mundo adiante, para recordo e como mérito, no contexto da herdanza da incomparable Escritora Galega Universal.

A sabendas de que non están todos os que son, a listaxe seleccionada en *Rosalía en Verde* dá cabida á práctica totalidade de manifestacións, con inclusión das máis sobranceiras e prevacentes. A pesar dos esforzos e dos empeños levados a cabo no traballo de campo, somos conscientes de que quedan mostras que non fomos ca-

paces de rexistrar, polo que o cómputo total, en boa lóxica, acada cifras maiores. Esta circunstancia, que non mingua nin un ápice a magnitude e o lustre da publicación, convén sinalala e á vez deixar constancia de que a empresa editorial evidencia sen ambaxes un feito incontable: o legado da Cantora da Vila do Sar ten moitas olladas inexploradas e inéditas hogano. Olladas que, sen présa pero sen pausa, son abordadas desde o mundo do saber mediante novos proxectos profesionais que revelan ata onde chegan a repercusión e a proxección da realidade rosaliana.

Ante este panorama, é o momento de formular unha pregunta. Cal é a causa que xustifica -desde finais do século XIX, poucos anos despois da súa morte, ata os nosos días- a xénese e a produción de monumentos escultóricos, de creacións xardinísticas e de plantacións arboradas que levan o seu nome? Rexistros artísticos e naturais que, un ano si e outro tamén, van crescendo en efectivos, constatando unha práctica recorrente, encomiable e exemplar, sen límites temporais, que mide o nivel de recoñecemento e de afección popular pola benquerida Escritora dos Lares Galegos.

Pregunta obrigada que ten certa resposta. Co reino vexetal como pano de fondo -emulando o pensamento de Rosalía, que lle outorga á Terra Galega a fisionomía e a condición de xardín-, o inventario onomástico é un argumento sen precedentes de memoria e de homenaxe, de saudade e de lembranza, de amor e de cariño dos galegos e as xentes forasteiras para a embaixadora máis reputada do seu

país, da súa cultura e do seu idioma. Unha patria que transcende do noroeste peninsular español adquirindo carácter universal, espallándose por mor da emigración intrapeninsular e transoceánica.

Patrimonio artístico e natural

Mírese como se mire, polo mostrario de producións, rico e diverso, o mundo é un Museo de Arte e unha Aula da Natureza que confirman a gloria e a grandeza de Rosalía. Producións, repartidas por nacións e continentes (Galicia, España, Portugal, Arxentina, Uruguai, Venezuela), que teñen que ver co papel prestado polas institucións -nas súas distintas entidades (local, provincial, comarcal, autonómica) e sectores (público e privado) con liderado, a teor das actuacións practicadas, para os concellos no plano xeral, e para a Fundación Rosalía de Castro / Casa de Rosalía no dominio particular- e co quefacer dos artistas -arquitectos, escultores, canteiros, técnicos- en favor e para gozo de xentes, entregadas á causa por todo e por tanto, con incontables colectivos e infindas persoas, ateigados de ideas e de propostas, para dar satisfacción ós seus anhelos e ás súas querenzas, de cara ó encargo e á consecución dos proxectos. Entre todos fomos quen de catalogar e de detallar o senlleiro patrimonio rosaliano, para poñelo ó servizo e á disposición do mundo do saber, do tecido social e da colectividade cidadá de países e de pobos, sabedores da favorable acollida nos tempos actuais e pensando na necesidade e na obriga para as xeracións vindeiras.

Sorprenden agradablemente as tipoloxías de expresións artísticas e naturais que compoñen o patrimonio onomástico rosaliano. O cómputo total recollido no traballo de campo contabiliza 85 rexistros. 85 probas de culto e de veneración palpables e contundentes de que Rosalía, en espírito e en esencia, está entre nós, xustificando de sobra o porqué do epíteto dado de «inmorredoira» despois do seu pasamento. 31 son creacións xardinísticas, 23 no país galego e 8 alén das fronteiras. 42 son monumentos artísticos, 30 nos nosos lares e 12 en terras alleas. Os restantes, unha ducia, son elementos florísticos, maiormente en Galicia cunha cita no País Vasco.

No eido artístico, as producións se reparten entre monumentos, estatuas, bustos, monólitos, lápidas, placas, *cenadores*, bancos e tronos. No tocante á bagaxe natural, as creacións xardinísticas están representadas por xardíns, parques, alamedas, prazas, praciñas, paseos e cemiterios. Mentres que as plantacións arboradas destacan polo número de individuos e pola diversidade específica, con figueiras, loureiros, camelias, ombús, eritrinas, sequoias, érbedos, eucaliptos, rosas e formacións boscosas.

Cadro de parques e xardíns onomásticos rosalianos galegos

1	Xardín da Casa de Rosalía	Padrón
2	Xardín de Rosalía de Castro	Fene
3	Xardíns de Rosalía de Castro	Maceda
4	Xardín de Rosalía de Castro	Vilagarcía de Arousa
5	Parque de Rosalía de Castro	Cabanas
6	Parque de Rosalía de Castro	Ares
7	Parque de Rosalía de Castro	Mugardos
8	Parque de Rosalía de Castro	Melide
9	Parque de Rosalía de Castro	Friol
10	Parque de Rosalía de Castro	Lugo
11	Parque de Rosalía de Castro	Burela
12	Parque de Rosalía de Castro	Pontevedra
13	Alameda de Rosalía de Castro	Marín
14	Alameda de Rosalía de Castro	Chapela/Redondela
15	Praza de Rosalía de Castro	Pontedeume
16	Praza de Rosalía de Castro	Ferrol
17	Praza de Rosalía de Castro	Foz
18	Praciña Rosalía de Castro	Chantada
19	Praza de Rosalía de Castro	Vilamartín de Valdeorras
20	Praza de Rosalía de Castro	Nigrán
21	Paseo de Rosalía de Castro	Vigo
22	Cemiterio de Adina	Padrón
23	Xardín Literario da Cidade da Cultura	Santiago de Compostela

Cadro de parques e xardíns onomásticos rosalianos alén das fronteiras

1	Xardín dos Poetas / Parque Tres de Febreiro	Palermo / Buenos Aires
2	Xardín dos Poetas	Miranda de Arga
3	Parque de Rosalía de Castro	Sant Andreu de la Barca
4	Parque de Rosalía de Castro	Villanueva del Pardillo
5	Parque de Rosalía de Castro	Logroño
6	Praza de Rosalía de Castro	San Juan del Puerto
7	Praciña de Rosalía de Castro	Braga
8	Praciña de Rosalía de Castro	Salamanca

Cadro de monumentos xardinísticos rosalianos galegos

1	Monumento a Rosalía de Castro	Paseo do Espolón / Padrón
2	Monumento a Rosalía de Castro	Paseo da Ferradura / Santiago
3	Monumento a Rosalía de Castro	Praza de Vigo / Santiago
4	Monumento a Rosalía de Castro	Parque de Rosalía / Pontevedra
5	Monumentos a Rosalía de Castro	Rúa de Rosalía de Castro / Vigo
6	Monumento ao Rexurdimento	A Ínsua dos Poetas / O Carballiño
7	Estatua de Rosalía de Castro	Avenida Alfonso Molina / A Coruña
8	Estatua de Rosalía de Castro	Praza de Rosalía de Castro / Ferrol
9	Estatua de Rosalía de Castro	Alameda de Rosalía / Chapela-Redondela
10	Busto de Rosalía de Castro	Xardín da Casa de Rosalía / Padrón
11	Busto de Rosalía de Castro	Paseo da Ribeira / Rianxo
12	Busto de Rosalía de Castro	Parque de Rosalía de Castro / Lugo
13	Busto de Rosalía de Castro	Praciña de Rosalía de Castro / Chantada
14	Busto de Rosalía de Castro	Xardín de Rosalía de Castro / Vilagarcía
15	Busto de Rosalía de Castro	Xardíns do Centro Cultural / Moaña
16	Monólito do Xardín do Centenario	Xardín da Casa de Rosalía / Padrón
17	Monólito de Rosalía de Castro	Xardín Botánico de Fonseca / Santiago
18	Monólito de Rosalía de Castro	Praza de Rosalía de Castro / Pontedeume
19	Monólito de Rosalía de Castro	Parque de Rosalía de Castro / Cabanas
20	Monólito de Rosalía de Castro	Xardín de Joaquín Loriga / Lalín
21	Monólito de Rosalía de Castro	Parque da Memoria / Poio
22	Lápida de Rosalía de Castro	Cemiterio de Adina / Padrón
23	Lápida de Rosalía de Castro	Igrexa de Bastavales / Brión
24	Lápida de John Moore	Xardín de San Carlos / A Coruña
25	Lápida de Rosalía de Castro	Praza de España / Lugo
26	Placa de Rosalía de Castro	Alameda Rosalía de Castro / Marín
27	Placa de Rosalía de Castro	Rúa de Rosalía de Castro / Salceda
28	Cenador de Rosalía de Castro	Xardín da Casa de Rosalía / Padrón
29	Banco de Rosalía de Castro	Xardín do Camiñante Descoñecido / Fene
30	Trono de Rosalía de Castro	Alameda de Rosalía de Castro / Marín

Cadro de monumentos xardinísticos rosalianos alén das fronteiras

1	Monumento a Rosalía do Centro Galego	Maracaibo
2	Monumento a Rosalía da Praza de Galicia	Punta del Este
3	Monumento a Rosalía da Praza de Galicia	Barakaldo
4	Estatua de Rosalía da Praza de Galicia	O Porto
5	Busto de Rosalía do Parque Tres de Febreiro	Palermo / Buenos Aires
6	Busto de Rosalía do Parque Independencia	Rosario / Santa Fe
7	Busto de Rosalía da Praza de Galicia	Montevideo
8	Busto de Rosalía da Praza de Padrón	Mollet del Vallés
9	Busto de Rosalía do Parque de Can Mercader	Cornellá de Llobregat
10	Monólito da Praza de Galicia	Tres Cantos
11	Placas do Parque de Rosalía de Castro	Sant Andreu de la Barca
12	Placas da Praciña de Rosalía de Castro	Braga

Cadro de flora onomástica rosaliana

1	Figueira da Casa de Rosalía	Casa de Rosalía / Padrón
2	Loureiro dos Poetas	Casa de Rosalía / Padrón
3	Camelia Híbrida Rosalía de Castro	Casa de Rosalía / Padrón
4	Árbores Onomásticas Bonaerenses	Casa de Rosalía / Padrón
5	Camelias e Rosas da Cama de Rosalía	Casa de Rosalía / Padrón
6	Sequoia Vermella de Rosalía de Castro	Xardín Botánico-Artístico / Padrón
7	Figueira de Rosalía de Castro	Xardín Botánico-Artístico / Padrón
8	Érbedo de Rosalía de Castro	Torres de Hermida / Dodro
9	Bosque de Rosalía de Castro	Monte Veciñal de Extramundi / Padrón
10	Eucalipto de Rosalía de Castro	Paseo da Ferradura / Santiago
11	Figueira de Rosalía de Castro	A Gándara / Narón
12	Figueira de Rosalía de Castro	Viveiro de Martintxune / Erandio

Escenarios xeográficos

Aínda que, en liñas xerais, a distancia e o afastamento con respecto ó lugar de vida do destinatario poden influír negativamente na creación e na instalación de producións conmemorativas, no caso de Rosalía de Castro non ocorre así senón todo o contrario, resultando ser unha circunstancia beneficiosa que xustifica a súa aparición en lugares separados por milleiros de quilómetros do Fogar de Breogán.

A emigración dos galegos -xeradora dun estado de morriña e de nostalgia permanente, lonxe da terra natal, no que Rosalía, por ocupación e preocupación, é referente a seguir- vai propiciar, durante décadas e centurias, unha presenza significativa en xeografías estranxeiras. No caso da emigración transoceánica, liderada polos países suramericanos, sobre todo Arxentina, Uruguai e Venezuela, que chegan excelentes obras artísticas. No tocante á emigración intrapeninsular, a maioría en España e algún en Portugal, tamén temos rexistros, asentados sobre todo na Comunidade de Madrid e en Cataluña, onde a preponderancia adquirida por Sant Andreu de la Barca deixa unha pegada rosaliana inesquecible.

Na Terra Galega -que, en todas as categorías (xardíns, monumentos e plantas), atesoura boa parte dos rexistros-, a medida que nos achegamos ós enclaves vivenciais que marcan o ser e existir da nosa Escritora, a conta aumenta substancialmente, presididos por Padrón e Santiago de Compostela, que comparten os primeiros postos na vida familiar e no traballo

cotián. Polo seu patrimonio, Padrón é o núcleo poboacional por excelencia, representado pola Casa de Rosalía -con elementos florísticos (Figueira, Loureiro dos Poetas, Árbores Bonaerenses, Camelia Híbrida e Flores da Cama) e obras escultóricas (bustos e monólito)-, polo Xardín Botánico-Artístico e polo Cemiterio de Adina. Na compañía, por suposto, da Cidade do Apóstolo, que incorpora espléndidas realizacións ó compoñente artístico e á natureza vexetal.

Autorías

Falando de autorías, sobre as creacións xardinísticas e as plantacións vexetais -dedicadas a Rosalía desde o principio ou froito de bautizos nomenclaturais posteriores-, cómpre salientarmos o impagable e plausible papel institucional, público e privado, tanto na Terra Galega como fóra dela. O dominio público está abandeirado polos concellos e as deputacións, mentres que o eido privado ten a Fundación Rosalía de Castro e os centros galegos como valedores primordiais. A implicación das entidades institucionais resulta imprescindible para entender o realce que ostenta a Cultura Rosaliana, sendo determinante na subscripción dos proxectos enumerados e descritos no libro *Rosalía en Verde*.

No patrimonio escultórico, en todas as clases, figura unha relación numerosa de artistas: escultores, arquitectos, canteiros, técnicos. Especialistas, de aquí e de alá, artífices da valiosa colección, ós que o libro lles dá o tratamento e o recoñecemento que merecen. Entre moito onde elixir, citamos a Isidro de Benito e Francisco Clevillés

(Santiago / 1917), a Lorenzo Coullaut Valera (Mondariz / comezo do século XX), a José María Mateos (Padrón / 1957), a Manuel Mallo Mallo (Lugo / 1971), a Manuel Ferreiro Badía (A Coruña / 1991 e Ferrol / 1993) e a Camilo Rodríguez Vidal «Camilo Seira» (Rianxo / 1997). Pola contribución, en termos cuantitativos e cualitativos, é de xustiza resaltar a Escola de Cantería de Poio / Deputación de Pontevedra. O repertorio quedaría incompleto sen alusión ós escultores de producións en terras foráneas (españolas, portuguesas e suramericanas), con nomes reputados do talle de Salvador Barata Feyo (Porto / 1954), Erminio Antonio Blotta Mainieri (Rosario - Santa Fe) / 1966), Julio Manuel Barreiro Rivas «Farandulo» (Maracaibo / 1976) e Juan Carlos Ferraro (Buenos Aires / 1981).

Producións memorables

Vaia por diante a importancia que teñen todos e cada un dos rexistros onomásticos rosalianos, cuxo concurso e concorrencia dan sentido e razón de ser á publicación. Dito isto, a modo de adianto e como invitación, procede facer, nos distintos grupos onomásticos, unha escolla de producións memorables nas que se concentran os trazos fundamentais do acervo patrimonial, que os lectores poden atopar ó abrir as páxinas do libro.

Entre os establecementos xardinísticos, por estrutura e equipamento, o Xardín da Casa de Rosalía / Padrón, o Parque de Rosalía de Castro / Lugo, o Parque de Rosalía de Castro / Sant Andreu de la Barca, a Alameda de Rosalía de Castro / Marín, o Paseo de Rosalía de Castro / Vigo e o

Cemiterio de Adina / Padrón son escenarios esenciais. Do inventario florístico, por prestancia e resonancia, no patrimonio vivo, nada é comparable, na Casa de Rosalía / Padrón, á Figueira de Rosalía, ó Loureiro dos Poetas, á Camelia de Rosalía e ás Árbores Bonaerenses (Ombú e Eritrina); e, no Xardín Botánico-Artístico / Padrón, á Sequoia de Rosalía; sen esquecermos, no patrimonio perdido, do Érbedo de Rosalía, nas Torres de Hermida / Dodro.

Da inmensa colección artística, por estima e ostentación, temos moito que anotar: Monumento do Paseo da Ferradura / Santiago de Compostela, Monumento do Paseo do Espolón / Padrón, Monumento do Centro Galego / Maracaibo, Estatua da Praza de Galicia / O Porto, Busto do Xardín de Rosalía / Vilagarcía de Arousa, Busto do Paseo da Ribeira / Rianxo, Busto do Parque Tres de Febreiro (Palermo / Buenos Aires), Busto do Parque Independencia (Rosario / Santa Fe), Monólito da Casa de Rosalía / Padrón, Lápida do Xardín de San Carlos / A Coruña, Placas do Parque de Rosalía de Castro / Sant Andreu de la Barca, *Cenador* do Xardín da Casa de Rosalía / Padrón, Banco do Xardín do Camiñante Descoñecido / Fene e Trono da Alameda de Rosalía / Marín.

Cartografía rosaliana universal

En palabras de Anxo Angueira (2021), na presentación de *Rosalía en Verde* -para quen o libro dá conta da proxección da autora tanto a nivel galego como a nivel internacional-, «non deixa de ser así esta obra unha verdadeira cartografía do rosalianismo universal». Frase que di moito,

polos obxectivos e o contido, do alcance da publicación, proxecto ambicioso, ilusionante, entrañable, sentimental.

Consciente da grande envergadura e a difícil abordaxe, no arranque, a empresa parecía pouco menos que unha misión imposible. Reto convertido en realidade grazas ó concurso e a receptividade unánimes de institucións, de agrupacións e de persoas, dos lares galegos e de alén das fronteiras. Testemuño fidedigno de que a nosa «inmorredoiro» Rosalía, máis que nunca, segue viva e querida por nós. Tratándose de Rosalía, por ser a receptora e a beneficiaria, ó manifestar as miras e as pretensións do proxecto, encontrei todas as portas abertas, sempre houbo interese e resposta positiva, facilitando en extremo o complexo e laborioso traballo de campo.

Pola listaxe de colaboradores -institucionais e persoais-, que non se reduce a número, quero expresar un agradecemento imperecedeiro por todo e por tanto. Sendo máis explícito, falei con alcaldes, con concelleiros, con secretarios, con bibliotecarios, con arquiteiros, con funcionarios, con escultores, con arquitectos, con técnicos, con xardineiros, con profesores, con historiadores, con cronistas e demais partícipes. Contactei con consellerías e delegacións da Xunta de Galicia; e con centros galegos, en España e Latinoamérica. Sentindo de preto o amparo da Fundación Rosalía de Castro, pendente do meu quefacer.

O 30 de setembro de 2021 tivo lugar a presentación do libro no auditorio da Casa de Rosalía, cunha grande asistencia de público, cumprindo coa normativa establecida pola Covid-19. Acto no que interviron o autor, Carlos Rodríguez Dacal,

o presidente da Fundación, Anxo Angueira, e o responsable de Cultura da Deputación da Coruña, Xurxo Couto. Evento publicitado debidamente pola Fundación e recollido nos medios de comunicación e nas redes sociais. Mención especial para os artigos periodísticos, encabezados por titulares consoantes. *La Voz de Galicia* (Uxía López, 2021): ««Rosalía en Verde» aborda a presenza da escritora en parques e monumentos». *El Correo Gallego* (M. Rendueles, 2021): ««Rosalía en Verde», un libro que percorre a presenza da escritora en parques e xardíns». *Crónicas de la Emigración* (Isaac Otero, 2021): ««Rosalía en Verde», obra del botánico Carlos Rodríguez Dacal».

A publicación do proxecto pola Fundación Rosalía de Castro mete en circulación por dereito propio, entrando pola porta grande, en loor de multitudes, unha historia interminable, con sentido de xesta e a modo de fito. *Rosalía en Verde* descobre, describe e valora o patrimonio botánico e artístico da orbe rosaliana, expandido polo mundo, composto por xardíns onomásticos, por monumentos conmemorativos e por plantas que levan o nome da ilustre escritora. Xentes e institucións, nunha demostración incomparable, son responsables dun inventario de rexistros que expresa a razón de ser e de existir deste libro, no que Rosalía é unha personaxe cosmopolita omnipresente a través de parques, de xardíns, de alamedas, de prazas, de praciñas, de paseos, de cemiterios, de monumentos, de estatuas, de bustos, de monólitos, de lápidas, de placas, de *cenadores*, de bancos, de tronos e de plantas.

Certamente, obras son amores.

DOCUMENTACIÓN E BIBLIOGRAFÍA

Almuiña, C. (1986). «Rosalía. Precursora del Ecologismo». *La Voz de Galicia* / Colaboraciones, 30 de xaneiro.

Angueira, A. (2021). «Rosalía en Verde. Xardíns, Monumentos e Plantas. Memoria e Homenaxe». Presentación. Fundación Rosalía de Castro.

Arquivo Fotográfico José Luis Cernadas Iglesias. «A Poetisa Rosalía de Castro na Alameda de Santiago de Compostela». Fotografía / 20 de Xuño de 2010. Wikimedia Commons.

Castro, R. de (1982). *Poesías. Cantares Gallegos. Follas Novas. En las Orillas del Sar. Edición ó cuidado de Ricardo Carballo Calero e Lidia Fontoira Suris*. Patronato Rosalía de Castro.

López, U. (2021). ««Rosalía en Verde» aborda a presenza da escritora en parques e monumentos». *La Voz de Galicia*, 1 de Outubro.

Otero, I. (2021). ««Rosalía en Verde», obra del botánico Carlos Rodríguez Dacal». *Crónicas de la Emigración*, 8 de Novembro. Secretaría Xeral da Emigración. Presidencia. Xunta de Galicia.

Rendueles, M. (2021). ««Rosalía en Verde», un libro que percorre a presenza da escritora en parques e xardíns». *El Correo Gallego*, 3 de Outubro.

Rodríguez Dacal, C. (2021). *Rosalía en Verde. Xardíns, Monumentos e Plantas. Memoria e Homenaxe*. Fundación Rosalía de Castro.

Publicamos este sexto número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Boiro



CONCELLO
DE
BOIRO



CASA DE ROSALÍA

CINCUENTA ANIVERSARIO 50

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO